

Opinións recollidas no [blog da Biblioteca do IES Sánchez Cantón](#) no curso 2007-2008

1. O libro, a verdade, gustoume moito máis do que esperaba. Ó principio facíase complicado, no sentido de que os cambios de tempo e de personaxes, facían dubidar do anterior, ata o punto de non saber onde estaba lendo. Pero a medida que a historia foi transcorrendo, xa colleu sentido. É moi interesante, porque é como se fixeras unha viaxe ó pasado, vivindo todas esas situacións e aspectos, que tiveron lugar na época de Franco, ó redor do ano 1936, e onde non podías expresar o que pensabas, e se o facías eras encarcerado ou fusilado. Non tiñas dereito á túa propia liberdade. O máis "bonito", pero tamén o máis triste do libro, é todo o romance do doutor Da Barca e Marisa Domallo. En todo o libro estás desexando que por favor o liberen para que poidan estar por fin xuntos. Sen embargo ... ata o punto de que tiveron que casar por poderes. A parte máis interesante na miña opinión, é a parte final dende o rapaz que vende os xornais, e o doutor Da Barca e Marisa se atopan na estación, pasando pola viaxe do tren ao hospital onde atendeu aos tuberculosos e o descubrimento de que as cartas do doutor non eran de fútbol, ... Son interesantes as anécdotas que nos conta o libro, como por exemplo o conto das irmás Vida e Morte (dándolle un pouco de sentido á Santa Compañía), e esa historia de cando o noso protagonista era un neno, e os seus meirandes tesouros eran unha irmá pequena de ollar azul e unhas poucas xoias da súa nai. O que teñen en común todas estas historias é un elemento, que parece xirar ao redor de todo, constituíndo o elemento básico da nosa historia: un lapis de carpinteiro. **(Brandán)**

2. O libro é precioso, dende o primeiro momento. É unha lectura fascinante, que relata moi ben o acontecido neses difíciles anos en España. O que máis me gustou foi cando volvía a Galicia, o doutor Da Barca, e no tren encontrouse coa súa namorada. Esta parte foi da mellor, xa que tras tantas penurias un momento alegre é do mellor. Pero o que realmente che chama a atención son as conversas que mantén Herbal, o garda de seguridade, co pintor, cando tiña o seu lapis, o lapis do carpinteiro. Pero tamén moi interesantes son as conversas que mantén co soldado de ferro, o que aparece e fai sacarlle a peor parte a Herbal. A verdade é que é un libro moi bonito e que a min especialmente encántame. **(Alba)**

3. *O lapis do carpinteiro* pareceume un moi bo libro no que se recrea a época da ditadura de Francisco Franco en 1936 e que por ter ideas diferentes ás do franquismo encarrelábante. É un libro que o principio pode tardar un pouco en situarte na historia pero cando o fai sénteste coma se foses Herbal, o garda que fai de narrador e a través do cal se perciben todas as sensacións da historia. Para min, o máis interesante que ocorre no libro é coma unha persoa da calaña de Herbal, grazas aos pensamentos do pintor almacenados nun "lapis de carpinteiro" poidan actuar como conciencia de Herbal e facelo cambiar e ver a realidade para poder facer o correcto. Tamén é increíble como unha persoa coma o doutor da Barca consegue ter tanta influencia nas persoas, un exemplo disto é cando están todos no cárcere e un xeneral grita: España! e ninguén contesta. Tampouco á segunda e á terceira España! todos berran: Libre! A escena máis emotiva creo que pode ser a escena do tren na que o doutor da Barca e Marisa están a bicarse e o sarxento García os separa pero eles dinlle que están casados. Ao falar co sarxento, da Barca en privado pídelles unha lúa de mel pra el e a súa esposa e ... Como todas a historias de amor esta remata ..., ao final o doutor ... Esta historia xira ao redor do lapis de carpinteiro que contén a sabedoría dos demais que o tiveron e que neste caso axuda a Herbal a terminar esta historia. **(Diego)**

4. O que é a historia en si gustoume bastante a verdade, recrea moi ben a época na que transcorre a historia, pero o libro dende o punto de vista do escritor non. Pareceume complicado, pero eu creo que foi porque ao principio custa entender o fío da historia, por iso ao final engancheime até acabalo. A parte que máis me gustou foi cando o doutor Da Barca se encontra no tren coa súa namorada, xa que é o último que me esperaba a verdade. O que menos me gustou deste libro é cando mestura historias ou cando intervén o pintor, que non digo que non sexa algo imaxinativo ou orixinal, pero hai veces nas que eu persoalmente o suprimiría. Como conclusión, podó dicir que a medida que lía o libro, gustábame máis. Creo que porque ten un final feliz e a min é o que me gusta, unha historia de amor cun final ??? ... inesperado? **(Carla)**

5. O libro, no meu parecer, é precioso. Ó principio é verdade que se fai un pouco difícil de entender e danche ganas de deixalo pero, unha vez que comezas a comprender o libro, engánchaste dun xeito inesperado narrando unha historia de amor tan bonita que mantefien dúas persoas de clases sociais moi diferentes en momentos tan duros como foros os anos da ditadura de Franco. A parte que máis me gustou do libro foi o momento no que Marisa se meteu no tren que levaba ao doutor Daniel da Barca á illa de San Simón e reencontrouse con el, feito que fixo emocionarse incluso a Herbal e o sarxento que ían no tren e deixarlles pasar... Se tivese que cambiar algo, cambiaría a maneira que ten o autor do libro, Manuel Rivas, en contar a historia incluíndo novas historias no medio, como a da irmá Vida e a irmá Morte, o outras como cando intervén o pintor falando con Herbal. Para concluír, podó dicir que o libro me gustou bastante, pero é máis bonito e interesante o argumento que o xeito de contalo. Paréceme unha boa idea facer un libro

no que se mostran situacións que ocorreron na época de Franco e que poderían pasarlle a calquera dos nosos avós, familiares ou xente maior que coñecemos. **(Paula)**

6. Manuel Rivas, en "O lapis do carpinteiro" mestura contido histórico e contido romántico, de forma subxetiva. Ao meu parecer, o autor podería aproveitar este contido histórico e narrar máis feitos sobre a guerra, como por exemplo en "As rulas de Bakunnin" o autor relata o movemento anarquista na Guerra Civil. A dificultade que presenta a obra é maiormente o salto do tempo, fenómeno característico do realismo. Tamén é de difícil entendemento o diálogo que ten o falanxista e o defunto do pintor: Cando Herbal está co lapis na orella fica pampo, cavilando e falando co pintor; que na miña opinión, o asasinato do pintor ficoulle cravado na conciencia e por iso, o lado humano de Herbal débese ao pintor. Así mesmo, a bondade do falanxista coa prostituta, así como o club de alterne que posúe, non se semella co seu pasado, é custoso unir o pasado do garda co seu presente. A grandes liñas, o libro distingue dúas vertentes: de forma menor, a resistencia ao réxime franquista da posguerra na que Da Barca vai escribindo cartas de forma cifrada. Ou de forma máis directa, na prisión a tose colectiva nun acto oficial. De forma máis nidia, é a evolución do romance entre Da Barca e Marisa Mallo que remata tendo un final "feliz". O que máis chama a atención do libro é o final. As derradeiras páxinas son a testemuña de que todo na vida se pode lograr, que a xente pode cambiar (o caso de Herbal). Manuel Rivas, déixanos desconcertados cando Herbal atopa a irmá Morte *calada*, mirándoo mentres a súa dona aparece cun encaixe negro, dándonos a entender que a irmá de Morte, podería ser Manila. **(Adrián)**

7. A verdade é que este libro non me gustou moito, ao principio é bastante complicado de entender as cousas das que fala e de situarte porque hai moitos cambios de tempo e de personaxes, e por iso, ao rematar de ler o libro tamén vin a película, que está baseada neste libro. O libro conta que no cárcere de Santiago de Compostela, en plena Guerra Civil, un pintor debuxa o Pórtico da Gloria cun lapis de carpinteiro, reflectindo os rostros e a desesperación dos seus compañeiros de presidio. O gardián Herbal, o seu futuro asasino, obsérvao todo. A partir desta escena, conta unha historia onde o amor entre o médico republicano Daniel da Barca e Marisa Mallo logra gañar á desesperación. E Herbal non está só está acompañado pola alma dese pintor ao que matou, a presenza do pintor na alma de Herbal axúdalle, dalgún modo a sobrevivirse a si mesmo, pois Herbal é no fondo un home brutal nunha época baldía e erma para a esperanza, e o Lapis dálle a posibilidade de mirar o mundo con outros ollos diferentes aos que os demais lle atribúen. E educao na percepción da beleza, que ás veces consiste en non matar ao lobo. Na miña opinión as escenas memorables son a comida que o doutor Da Barca ofrece na prisión a un dos prisioneiros ou ao final da historia do vello contrabandista de provincias convertido en cacique local con aspiracións á respetabilidade: "o poder, filla, o poder". E o que máis me gustou deste libro é o final ... **(SHUQING)**

8. *O lapis do carpinteiro* é unha historia de amor en tempos da guerra civil, que nos retrata o sufrimento causado pola mesma. O libro nárranos a historia dun doutor, o doutor da Barca, que por non compartir ó ideal dos falanxistas é detido e encarcerado. Aí comeza o seu calvario, que vive nun cárcere xunto con máis presos, sufrimento que mestura co amor que sente por Marisa. Toda a historia é relatada por Herbal, carcereiro do doutor, cara o que sente verdadeira admiración, e que o leva a seguilo e máis tarde a narrar a historia que se recolle no libro a unha prostituta, no bordel que el rexenta. A historia, que ten final ??? para o doutor e Marisa, permítenos ver como as persoas poden cambiar a pesar das circunstancias e do que as obríguen a facer. En fin, na miña opinión é un bo libro cunha linguaxe bastante sinxela e moi entretido, se ben en ocasións vinme obrigado a repetir a lectura dalgún capítulo porque perdía o fío da historia. De tódolos xeitos e como xa dixen, gustoume tanto pola súa historia como pola súa extensión, xa que non é un libro moi longo, e ademais ten unha linguaxe sinxela e trata o tema da guerra desde a perspectiva das persoas e dos sentimentos. En definitiva un bo libro **(Joaquín)**

9. En *O lapis do carpinteiro* Manuel Rivas mestura dun xeito sensacional unha historia de amor entre un home e unha muller pertencentes a distintas clases sociais coa narración de algúns acontecementos sucedidos en España durante a ditadura do xeneral Franco. A pesar de que nun principio o libro resulta bastante complicado polos habituais cambios de plano que realiza o autor, pouco a pouco o lector vaise integrando na lectura. O mellor é a fermosa historia de amor entre o doutor Da Barca e Marisa Mallo; xa dende mozos están namorados e malia ao ingreso do doutor en prisión os dous seguen en contacto e, grazas á axuda da madre Izarne, até chegan a casar por poderes. O seu amor consegue incluso que os dous gardas se sintan obrigados a deixarlles pasar a súa noite de vodas, aínda que puidesen perder o seu cargo por ese incumprimento das normas. Pola contra, non me pareceu demasiado acertada a inclusión do pintor nalgunhas partes do relato nin a de outras historias polo medio que, aínda que son interesantes, dificultan a comprensión do libro. En conclusión, agora entendo a gran fama que posúe este libro porque nel, Manuel Rivas, relata historias de amor e liberdade enmarcadas nunha época de guerra na que todo era triste e melancólico. **(Jorge)**

10. Trátase do primeiro libro que leo deste autor tan coñecido como é Manuel Rivas. O libro é, como di na cuberta, unha historia de amor, dor e melancolía; a historia de amor vívena o doutor Da Barca e Marisa Mallo, mentres que Herbal, un garda da prisión da Coruña que vive obsesionado polo asasinato dun pintor, sofre unha profunda dor na súa

alma, tanto polo recordo do home que matou como pola atracción que sofre cara Marisa Mallo. A miña opinión é que este libro trata un tema moi fermoso, ao integrar unha historia de amor en tempos difíciles, e ao presentar o conflito dende as dúas perspectivas; vencedores e vencidos, pola contra, penso que o autor pecou de brevidade, aínda que sexa curioso que eu o diga, o libro narra demasiado brevemente algúns momentos que, aínda que sexan contados cunha linguaxe excepcional, semellan un pouco difusos. En resumo, trátase dun libro cun argumento moi fermoso, escrito cunha linguaxe moi bonita e que, se houbera que buscarlle algún aspecto negativo, podería ser a pouca concreción nas distintas historias interrelacionadas. **(R.Javier)**

11. *O lapis do carpinteiro* é un libro que me gustou moito máis do que esperaba. A pesar de que ao principio parece un pouco enguedellado e non se lle atopa moito sentido, a medida que se vai avanzando na lectura o libro comeza a facerse moi interesante. O que máis me gustou do libro é o personaxe de Herbal, que eu penso que é o verdadeiro protagonista, xa que é un personaxe estraño, complicado, unha mente débil que se deixa influenciar pola presenza de personaxes mortos. Penso que é o personaxe máis interesante xa que obriga a intentar comprender as súas actuacións, os seus movementos. Por outro lado non podería faltar a historia de amor entre Marisa e Daniel, e a loita dela por estar ao seu lado, o seu enfrontamento coa familia, e a súa forza para seguir amando a alguén que está preso no cárcere. En resumo, parécese un libro moi bonito, interesante e entretido cun final ??? e unha historia fascinante. **(Raquel)**

12. O libro, "O lapis do carpinteiro", pareceume un bo libro pois trata o sucedido na época do Xeneralísimo Francisco Franco e as persoas que non tiñan os seus mesmos ideais. Por outra banda creo que é algo complicado de ler pois ten diversos saltos temporais que confunden un pouco o cal te fai dubidar de onde ías. Pareceume interesante a enfermidade que se trata neste libro, xa que naquel tempo era unha das máis dadas. Creo que unhas das cousas máis fermosas deste libro é o romance de Marisa Mallo e o doutor Da Barca, xa que despois de estaren separados tanto tempo por a súa condena terminaron ??? **(Paula)**

13. Deste libro o que é a historia gustoume bastante, pero ao principio o libro faise un pouco complicado de entender, xa que hai moitos cambios de personaxes e saltos no tempo, pero a historia está moi ben narrada e é bastante entretida. Conta a historia do doutor Da Barca, un comunista ao que apresan polos seus ideais, xa que a historia se enmarca na guerra civil. Esta historia cóntaa Herbal, un garda da prisión onde estaba o doutor. A historia intercala distintas anécdotas e pequenas historias que fan o libro mais entretido. No fondo a historia é de amor, xa que o doutor Da Barca namórase de Marisa, maila a distinta ideoloxía dos seus pais. Os dous namorados conseguen verse en segredo, pero non pode escapar do Cárcere. A pesar diso, casan por poderes, e un día encóntranse no tren que ... En definitiva, unha historia bastante entretida, e que a medida que se le gusta máis xa que vai enganando o lector, un libro que sen dúbida recomendo. **(Julia)**

14. O libro, aínda que é fácil de ler e o léxico é doado de comprender, non é do meu gusto xa que non chegou a ser interesante dende o punto de vista de te enganar á lectura. Ao principio da lectura non se entende moi ben o argumento, pero a medida que avanzas enténdese mellor. Aínda que non entendín moi ben se o pintor e Herbal eran a mesma persoa. O que máis me sorprendeu da obra foi a liberdade que lle dan os presos, que ata lle chegan a permitir unha noite nun hotel coa muller dun preso mentres os estaban trasladando no tren. Para rematar, dicir que aínda que o libro para o meu gusto non é dos mellores que lín ata o momento, se está tan valorado pola literatura galega e até se levou até o cine ha de ser porque é unha boa obra. **(Isaac)**

15. Este é o primeiro libro que leo de Manuel Rivas e gustoume moito máis do que esperaba. Ao principio resultoume un pouco lioso e difícil de entender polos numerosos saltos temporais, pero a medida que avanzaba o relato ía atopando a relación entre os feitos. A historia xira entorno á relación amorosa entre o doutor Da Barca e Marisa, contada por Herbal, garda da prisión onde se atopaba o doutor. Chamoume a atención a presenza do "pintor" que se lle aparecía a Herbal cando puña o lapis de carpinteiro na orella. Este feito dálle un toque de surrealismo ao relato. O detalle, máis interesante do libro é cando se reencontran ... **(J.Ramón)**

16. Pareceume un bo libro, xa que a historia que narra é moi interesante. Sen embargo ao principio pode resultar algo confuso posto que fai algúns saltos no tempo. Desenvólvese en tempos da guerra civil e conta a historia do difícil amor entre o doutor Da Barca e Marisa Mallo que a pesares do encarceramento e os impedimentos ten ao final o seu momento de felicidade. Outro dos personaxes principais é Herbal, o carcereiro, que ten na súa conciencia a voz do pintor, que el mesmo asasinou, cada vez que pon o lapis na orella. O autor crea un ambiente que engancha ao lector a seguir a lectura xa que o libro ten un bo argumento. Por último, destacar a sabedoría, intelixencia e a gran influencia que o doutor Da Barca exercía sobre os demais. **(Luis)**

17. E un dos mellores libros en galego e sobre Galicia que lin. A pesares de que ás veces hai quen se pode facer un lío cos cambios no tempo e as intrahistorias que contén, eu penso que lle engade máis realismo e máis intensidade o libro. As conversacións co pintor gústanme especialmente porque é coma un pepiño grilo que acompaña a herbal durante toda a obra e contraponse ao home de ferro. A historia central do amor entre Da Barca e Marisa é moi bonita, pero penso que é case una escusa para narrar as traxedias, vivencias e formas de vivir da época, basicamente pola cantidade de historias que se entrecruzan no relato e o recorrido que fai Da Barca por España. Basicamente, podo dicir que esta obra é interesantísima, moi entretida e que axuda a comprender un pouco iso que hoxe en día chaman "A Memoria Historia". **(Xoel)**

18. O libro non me gustou tanto como eu esperaba. En primeiro lugar teño que dicir que trata unha historia algo triste e melancólica. Por outra banda, a obra mestura o tempo de forma que en ocasións é difícil segui-la historia. A pesar de todo isto pareceume moi interesante a forma en que se presentan os espazos e maila descrición dos personaxes, chegando un mesmo a pensar que é un personaxe máis e que está vivindo o que le. Polo tanto quitando os momentos tristes pareceume unha boa obra e un libro que recomendo ler. **(Pedro)**

19. O libro custoume un pouco de ler ao principio pois tardas en seguir ben a historia, xa que se producen saltos temporais que te poden despistar da historia. O libro en si aparece relatado por Herbal, garda dos presos na Guerra Civil, e cóntanos sobre todo a vida do doutor Daniel Da Barca centrándose na bonita historia de amor entre este e Marisa Mallo, que aínda que estiveran separados mantiveron este amor, e incluso se casaron á distancia. E esta historia de amor ten un final ... Tamén fala sobre o difícil que era a vida no cárcere xa que Da Barca estivo bastante tempo nela pola súa ideoloxía. Como chegan a organizarse os presos do cárcere para facer a vida dentro dela máis fácil. As enfermidades que collen, sobre todo a tuberculose. En conclusión, o libro non foi un dos meus preferidos pero gustoume máis do que pensaba cando o empecei a ler. **(Pedro)**

20. Este libro gustoume bastante a pesar do seu comezo un tanto difícil de entender, pero a medida que vas lendo comezas a enlazar todos os feitos e engáñchate. *O lapis do carpinteiro* é unha historia de amor, represión e busca da xustiza nuns anos moi difíciles da nosa historia. Baseada en feitos reais, o protagonista é un garda chamado Herbal que véndose xa maior decide contarlle a súa vida a unha prostituta no pub onde el traballa. O libro relata unha historia de amor entre un médico distinguido Daniel da Barca e unha fermosa muller que está moi namorada del. Este amor resulta case imposible xa que este médico acaba encerrado no cárcere debido ás súas ideas republicanas durante unha etapa franquista. Sen embargo, este ... Esta gran recoñecida obra de Manuel Rivas ambientada nesa época escura do franquismo encantoume por moitos e numerosos factores entre os que destaca a insistencia de Marisa por non perder o amor da súa vida, sufrindo todo tipo de obstáculos ou o interesante cambio que sofre a personalidade de Herbal o posuidor do lapis do carpinteiro ao longo do relato. Persoalmente, sentínme pouco insatisfeita do posterior visionado da película xa que non recolle moi ben todo o que se narra no libro pero si aproxímase a unha idea do que o propio autor quere mostrarnos. En conclusión, pareceume unha das mellores historias que lin en lingua galega. Recómendoa a todo o mundo xa que é moi curiosa e verdadeira. **(Sara)**

21. *O lapis do carpinteiro* é unha novela que a través dun acontecemento histórico español como foi a Guerra Civil (1936-1939) narra a historia de amor dun médico republicano de familia humilde cunha moza de clase máis alta. Creo que é un libro moi ben escrito, e aínda que non sexa unha historia enteiramente real, baséase nun argumento histórico obxectivo, o que fai tamén que a narración sexa máis interesante. Gustoume moito a personalidade dos personaxes principais, Da Barca e Marisa, e a perseveranza e a esperanza que os dous tiñan na súa relación de amor. En resumo, un libro que recomendaría ler porque é unha historia preciosa, aínda que ao principio estás un pouco perdido pero a medida que vas lendo vas configurando a historia e vaiche gustando máis. **(Tamara)**

22. *O lapis do carpinteiro* é unha novela escrita polo novelista, poeta e periodista chamado Manuel Rivas, persoa moi coñecida na actualidade non só polas súas creacións literarias senón tamén polas súas colaboracións en diversos medios de prensa, radio e televisión. Oíra falar moi ben da película, aínda que non a vin. Sempre se di que as boas novelas é mellor lelas, por iso sentía curiosidade por esta. Non cabe dúbida de que se trata dunha obra de grande interese, chea de realismo e sentimentos nobres e non tan nobres propios do ser humano. Está ambientada principalmente en Santiago de Compostela, en concreto, no cárcere da Falcona de onde parten a maioría dos feitos narrados. A época destes feitos correspóndese coa etapa da Guerra Civil Española (1936-1939) e coa etapa de posguerra, con todas as súas miserias e horrores. Porén o fío que guía o argumento é a historia de amor entre Marisa Mallo, de familia de ambiente reaccionario, e o médico republicano Daniel Da Barca, auténtico supervivente da Guerra. Ademais contamos con outros personaxes interesantes polas súas accións en defensa da liberdade, como pode ser o pintor que empregaba un lapis de carpinteiro para expresarse libremente. Noutra banda temos a Herbal, o garda da cadea cuxos sentimentos se van facendo máis nobres a medida que convive con este

grupo de homes inxustamente detidos. “O lapis do carpinteiro” posúe un léxico sen demasiada complexidade, pero en canto á estrutura narrativa, teño que dicir que os saltos temporais ao longo da historia fana difícil de seguir. (**lago**)